


UD 3. A PROFESIÓN DE ENFERMERÍA

Curso 24-25





LA EVOLUCIÓN DE LA PROFESIÓN DE ENFERMERÍA

1. INTRODUCCIÓN

- ¿CANDO APARECE A ENFERMERÍA?

A enfermérica é a profesión do coidados de saúde, por tanto xorde cando xorde a necesidade de coidados de saúde → coa orixe da humanidade (Dende sempre!!)

A “disciplina” do coidar estivo condicionada por **factores históricos e sociais** que condicionaron a evolución da enfermérica como profesión, influído na súa profesionalización e consolidación.

Cales foron esos factores?

1. INTRODUCCIÓN

FACTORES XERAIS QUE INFLUIRON NA EVOLUCIÓN DE ENFERMERÍA:

- Organización social: desenvolvemento social, político, ideolóxico e económico.
- Concepto da persoa: os coidados son aplicados de distinta maneira segundo contémpase á persoa (Ex. Ser biopsicosocial)
- Concepto de saúde: adquire significado diferente ao longo do tempo
 - Concepto de enfermidade e coidado (atención aos enfermos):
 - Illamento, chegando ao abandono e exterminio
 - Axuda altruísta: prestación de coidados vocacionais
 - Atención profesional

1. INTRODUCCIÓN

3 FACTORES ESPECÍFICOS QUE INFLUIRON NA ENFERMERÍA:

- **Relixión:** coidados realizados durante moitas épocas da historia por persoal relixioso (coidado vocacional). O cristianismo foi o principal impulsor dos coidados vocacionais.
- **Xénero:** A concepción da enfermía como unha profesión feminina ha tido unha gran transcendencia na súa profesionalización, colocándoa durante moito tempo nun papel secundario.
- **Aspectos militares:** as guerras aumentaron as necesidades de coidados, orixinando a aparición de organizacións para satisfacer estas necesidades.

2. ETAPAS DA ENFERMERIA



2. ETAPAS DA ENFERMERÍA

Para un mellor estudo da historia da enfermmería, esta se dividiu clásicamente en 4 grandes etapas:

1. Etapa doméstica
2. Etapa vocacional
3. Etapa técnica
4. Etapa profesional

2. ETAPAS DA ENFERMERÍA

4 ETAPAS:

1. Etapa doméstica:

1. Desde as primeiras civilizacións ata a caída do imperio Romano.
2. O coidado xorde como un instinto de supervivencia.
3. Predomina o concepto de saúde/enfermidade máxico relixioso

1. Etapa vocacional:

1. Desde o inicio do cristianismo ata a Idade Moderna.
2. Xorde a crenza da saúde como valor relixioso (designio de Dios).
3. O coidado convértese nunha obrigaón moral (coidado como caridade).

2. ETAPAS DE LA ENFERMERÍA

4 ETAPAS:

3. Etapa técnica:


- Durante Idade Moderna e Idade contemporánea (primeira metade S.XIX).
- Profesionalízase a enfermérica e aparecen as primeiras escolas.
- O coidado está desvalorizado e relegado ao xénero feminino.
- O coidado céntrase en loita contra as enfermidades.

4. Etapa profesional:

- Durante Idade contemporánea (segunda metade S.XIX ata a actualidade).
- Regularízanse os títulos relacionados coa enfermérica, pasando a ser unha formación universitaria.
- Os coidados adoptan unha formulación científica-teórico, cunha identidade profesional e disciplinar propia.

RECUERDO HISTÓRICO:

5 grandes etapas da historia da humanidade



PREHISTORIA:

- Etapa mais ampla da historia
- Desde a aparición do primeiro *homo sapiens* ata a invención da escritura.
- Históricamente divídese en 3 grandes etapas:



1. **Paleolítico:** alimentación baseada en caza, pesca e recolección. Ferramentas con ósos. Nómades e agrupábanse en grupos pequenos. Dominaron o lume.
2. **Neolítico:** Inicio da agricultura e gandería. Ferramentas de campo e almacén de alimento. Primeiros poboados (sedentarios)
3. **Idade dos metais:** cobre, bronce e ferro

PREHISTORIA:

- Concepto **máxico** **relixioso** da enfermidade (causas sobrenaturais).
- **Mago/chamán/feiticeiro**: encargado de curar por medio de ritos ou cánticos.



- Mulleres: encargadas dos coidados dentro do grupo familiar (eran coidados básicos). Xorde tamén a figura da muller como axudante do sanador.
- Os coidados eran intuitivos: por observación e experiencia.
- Baseados en plantas e herbas con acción medicinal

IDADE ANTIGA:

- Aparece a escritura: feito crucial para o desenvolvemento da humanidade.
- Primeiras civilizacións do planeta.
- Economía baseada na agricultura e gandería.
- Época de explosión cultural e grandes avances en varias materias.
- As súas civilizacións máis importantes foron: **Exipto, Mesopotamia, Grecia e Roma**

EXIPTO:

Gran nivel de coñecemento médico: anatomía, disección, enfermidades...

Avances en instrumental cirúrxico

Operacións: cataratas, trepanaciones, extirpación tumores

Por que?

- ✓ Grazas aos embalsamamentos: precisaban da disección do corpo, observación da descomposición de cadáveres.
 - ✓ Accidentes laborais (construción)
 - ✓ Feridas militares
-
- As **leis sanitarias (Saúde pública)** da cultura exipcia eran moi estritas: había ordenanzas para vivir as augas, daban moita importancia á hixiene dos médicos, o aseo persoal e o baño corporal (non só a dos vivos senón tamén a mortuoria).
 - Os sacerdotes eran os encargados dos coidados enfermeiros, nos templos.
 - Convivían o tratamento **farmacolóxico** (farmacopea) co rito e **pregarias máxicas**. (concepto máxico-relixioso de enfermidade)
 - A medicina era gratuíta e prestábase en templos.



MESOPOTAMIA:

- Asentáronse ao norte da península Arábica.
- Tratábase dunha sociedade moi próspera, cun sistema social ligado a economía (agricultura).
- Relixión politeísta
- A pesar de ser sociedade próspera → A súa sanidade e medicina non estaba tan evolucionada.
- Coñecementos de anatomía moi escasos.
- Concepto máxico-relixioso da enfermidade (espíritos)
- Realizábanse redución de fracturas, abcesos e cura de feridas. Pero eran técnicas manuais, e estaban menosprezadas fronte a adivinos e exorcistas (vontade divina)



GRECIA



- Cultura con **gran coñecemento**: astros, principios de arquitectura, xeometría, matemáticas, arte de navegación, guerra...
- Vivían do comercio e agricultura.
- Sociedade escravista (soamente os homes libres e cidadáns tiñan dereitos políticos)
- A medicina enfocouse desde unha **perspectiva racional**.
 - Foron os primeiros en dar unha orixe racional á enfermidade (conexión entre saúde e ambiente)
 - Faise énfase na observación dos enfermos e as súas doenzas, aténdese a alimentación... (medicina que hoxe en día chamariamos preventiva)

Gran importancia pola **saúde pública**: hixiene, o abastecemento de auga potable (acuedutos) (houbo unha epidemia debido á salubridade das augas) , rede de sumidoiros, xestión de augas residuais (baños públicos).

Hipócrates de Cos

- Saúde: causas naturais
- T. humores (sangue, flema, bilis amarela e negra)
- Xuramento hipocrático

Galeno

- Saúde: equilibrio entre sangue e humores
- Diseccións: os nervios craneales, válvulas do corazón.

ROMA:



- Absorberon parte das culturas conquistadas: sobre todo a **cultura grega**
- Vivían da agricultura e o comercio.
- Sociedade desigual e escravista.
- Grandes guerreiros e militares (grandes conquista e expansión)

Dan gran importancia á **saúde pública**: acuedutos, rede de sumidoiros, baños públicos, almacéns de trigo, construción de termas...

Nun inicio tiñan unha concepción **máxico-relixiosa sobre a saúde/enfermidade**, que cambiou tras a conquista de Grecia, absorbendo os seus coñecementos.

A súa medicina era practicamente grega, pero fixeron tres contribucións importantes:

- ✓ Hospitais militares
- ✓ Saneamento
- ✓ Lexislación médica e ensino médico

Coa aparición do cristianismo o coidado era considerado un mandato evanxélico e brindaba oportunidade de redención e salvación.

IDADE MEDIA

- Época con **acontecimentos importantes**: Desde a caída do imperio Romano (S.V) ata a chegada a América (S.XV).
 - Modelo social esclavista → **Sistema feudal**
 - Aparición da **burguesía**
 - Economía: inicio do **capitalismo**
 - **Relixión**: comeza a gañar forza o cristianismo e o Islam
 - **Cruzadas**: unha serie de campañas militares organizadas polos papas e potencias cristiás para retomar Xerusalén e a Terra santa do control musulmán.
 - Crearonse hospitais, ordes militares de enfermería (xerarquizada)
 - As Beguinas: mulleres cristianas que se agrupan en asociacións e que rexeitanban as ordes dos homes. Adicábanse o cuidado dos enfermos.
- Etapa escura: → salud pública nefasta, guerras e epidemias (gran mortalidade), represión, caza de bruxas, queima de libros e perda do coñecemento...

IDADE MODERNA

Acontecimentos importantes: Desde a chegada a América (1492) ata a revolución francesa.

- Gran **desenvolvimento industrial (mellora de procesos industriais), cultural e social**: imprenta, microscopio, termómetro, calculadora, telescopio, motor de vapor, telégrafo, pararraios, proxectís e explosivos....
- Crecemento cidades (burguesía) e maior desenvolvemento do capitalismo
- Humanismo e Renacemento → arte e estética.
- Inicio da reforma protestante:
 - Países protestantes: expulsión dos relixiosos dos hospitais: coidados por mulleres laicas sen formación que necesitaban traballar (prostitutas, alcohólicas...).
 - Países católicos: coidado ≈ deber cristián. Aparecen ordes relixiosas **Orde dos Irmáns de San Juan de Dios** E **Irmás da Caridade (San Vicente de Paul)**: Asistencia a domicilio a pobres e enfermos.
 - Creación de hospitales: malas condiciones hixiénicas. Aparecen manuais de enfermería.

IDADE CONTEMPORÁNEA

Acontecimentos importantes: Desde a revolução industrial ata a actualidade

- Aparecen novos sistemas de goberno (**governos do pobo e representantes por votación**).
- Consolidación do **capitalismo** → Iglesia perde poder
- Gran desenvolvemento industrial: Época de grandes inventos e descubrimentos: teléfono, barco de vapor, lámpada, cinema, avión, internet... → globalización
- **A nivel médico...** descubrimento 1ª vacina, antisepsia, descubrimento penicilina, lavado de mans...
- **A nivel sanitario:** 1883: **Ley de seguridad social** (Bismark) → Creación modelo bismark → cambio del concepto hospital (se atiende a todo el mundo, no sólo a pobres por beneficencia).
- **Respecto a la enfermería:** fue época de importantes cambios que significaron el **nacimiento de la enfermería** moderna gracias a:
 - Elisabeth Fry
 - Theodor Fliedner
 - Florence Nightingale

IDADE CONTEMPORÁNEA

Edward Jenner:



- A enfermidade da variola provocou durante o século XVIII numerosas epidemias cunha elevada taxa de mortalidade. Nos sobreviventes provocaba terribles secuelas como cegueira ou desfiguración do rostro.
- En 1796, o médico inglés Edward Jenner decatouse de que as campesiñas que muxían vacas nunca padecía a enfermidade.
- Ao estudalo descubriu que estas se inmunizaban ao contaxiarse cun virus parecido «a variola das vacas», que só se daba nestes animais.

IDADE CONTEMPORÁNEA

Joseph Lister:

Joseph Lister, el hombre que esterilizó la cirugía



- No S.XIX as condicións cirúrxicas eran pésimas(Mortalidade do 50%): septicemias e infección: uso de roupa de rúa, non lavado de mans, compartían o instrumental entre pacientes, bata sucia en todas as cirurxías, agarraban bisturí cos dentes, colgaban os fíos de sutura dos ojaes de bata...
- **Th miasmas**: “mal aire” que exhalaban as feridas e producían infección a outros: ventilar as salas.
- **Joseph Lister** rexeitaba esa th creía máis na de Louis Pasteur sobre “xérmenes invisibles”.
- Empezou buscar substancia química para destruír os xermes e ademais:
 - Protocolo de esterilización do material.
 - Aplicouno nas mans cirurxiáns
 - Aplicouno en feridas e apósitos
- En 1867 publica os seus resultados en The Lancet: reduciu a mortalidade do 50 ao 15%

IDADE CONTEMPORÁNEA


Semmelweis:



- **Semmelweis** era asistente xinecológico do gran hospital de Viena
- Neste hospital → o 35% das mulleres falecían (proporción 5 veces maior na sala médica que na de matronas)
- Dedicouse a observar, recompilar información, cuantificar datos...
- Chegou á conclusión de que eran os propios médicos os que infectaban ás mulleres (xa que realizaban autopsias e partos sen lavado de mans).
- Desde ese momento, Semmelweis ditou a orde de que todos os médicos debíanse lavar as mans cunha solución clorada antes de tratar a ningunha parturienta (a mortalidade descendeu ata o 1%).

IDADE CONTEMPORÁNEA

A. Fleming



- A. Fleming foi un médico e científico que traballou no hospital St. Mary de Londres.
- Un día, deixou unhas placas de Petri inoculadas con *Staphylococcus Aureus* preto dunha xanela. Á mañá seguinte comprobou que estaban contaminadas cun fungo (*Penicillium notatum*) e que o seu redor non crecía a bacteria.
- Os seus colegas sintetizaron a Penicilina (1º ANTIBIÓTICO) e usárona en ratos, curando enfermidades.

IDADE CONTEMPORÁNEA

Elisabeth Fry:



Foi unha **enfermeira inglesa** e gran activista a favor da reforma das prisións: denunciou as condicións das reclusas.

- ✓ Visitou cárceres de toda Europa, quedando aterrada coas desoladoras condicións nas que vivían os prisioneiros (en concreto coa de Newgate):
 - ✓ Lía a biblia ás presas e ensináballes a coser.
 - ✓ Propuxo coidados especiais a reclusas que tiñan fillos en prisión.
 - ✓ Avogou pola segregación por sexo nos cárceres, matronas para as prisioneiras, educación, emprego, instrución relixiosa...
 - ✓ Creou unha Asociación para a Mellora das prisións e presionou ás autoridades.
- ✓ Loitou tamén porque a profesión enfermeira fose remunerada e realizada por persoas laicas.
- ✓ Funda unha escola de enfermería: irmás protestantes da Caridade inglesas.

IDADE CONTEMPORÁNEA

Theodor y Friederike Fliedner:



- Foi un **teólogo e pastor protestante** de Alemaña.
- Exerceu funcións na prisión de Dusseldorf e propiciou varios cambios:
 - ✓ Instalación de capelas e servizos regulares para presos
 - ✓ Viaxou por Países baixos e Inglaterra para instruírse en enfermería. Visitou e coñeceu a **Elisabeth Fry**.

Á súa volta a Alemaña:

- Abre unha casa de albergue para mulleres recentemente saídas do cárcere
- Ampliou instalacións: hospital para pobres, mulleres dementes, asilo de orfos...
- Funda a primeira escola de enfermería: **Diaconisas de Kaiserswerth**, innovando na súa formación.

<https://euemsara.files.wordpress.com/2014/05/escueladekaisersberg.pdf>

IDADE CONTEMPORÁNEA

Florence Nightingale:



- Naceu o 12 de maio de 1820 no seo dunha familia británica acomodada en Florencia.
- Filla do político William Smith, firme defensor de que as mulleres (e en especial as súas fillas) recibisen educación: idiomas, historia, matemáticas, estatística...
- Aos 17 anos comunicou á súa familia a decisión de seguir a súa vocación e dedicarse á enfermmería. (Naquela época a enfermmería estaba relegada a ordes caritativas, mulleres viúvas, presas...)
- Emprendeu numerosas viaxes por Italia, Grecia, Exipto...
- Nun deles visitou a Institución das Diaconisas de Kaiserweth en Alemaña, onde quedou a realizar unha estancia de 3 meses onde aprendeu sobre alimentación, hixiene, acompañamento...
- Proseguiu os seus estudos en varios hospitais de Gran Bretaña e Francia.
- Á súa volta a Londres, converteuse en directora dun sanatorio de mulleres.

IDADE CONTEMPORÁNEA

Florence Nightingale:



- En 1854, Reino unido únese ao conflito que enfrontaba ao imperio Otomán contra o Ruso, na península de Crimea.
- Devandito conflito converteuse nunha cruenta guerra de trincheiras, con malas condicións hixiénicas, frío, falta de comida...
- As condicións nos hospitais de campaña eran de amontoamento, insalubres, cunha alta mortalidade. Morrían máis soldados debido a infeccións que debido á propia guerra.
- Por este motivo, **Sidney Herbert**, político e ministro de guerra, e coñecedor do labor de Florence Nightingale, pediulle que viaxase ata Crimea para valorar a situación.

IDADE CONTEMPORÂNEA

Florence Nightingale:



IDADE CONTEMPORÁNEA


Florence Nightingale:

- Viaxa ata Crimea xunto con 38 enfermeiras adestradas por ela mesma. Foron as primeiras mulleres en servir no exército de Reino unido de forma oficial.
- Alí aplicou un método co que conseguen reducir a mortalidade de 42% a 2%:
 - ✓ Coidados asistenciais
 - ✓ Medidas de hixiene: auga e aire puros, desaugadoiros eficaces, limpeza xeral...
 - ✓ Luz...
 - ✓ Traballou para mellorar o benestar físico e tamén psicolóxico.
- Escribía cartas en nome dos convalecentes e asegurábase de que lle chegasen as cartas dos seus familiares.
- Facilitoulles xogos e lectura. Axudoulles a enviar diñeiro ás súas familias.
- Recolleu estes datos e estatísticas para demostrar a eficacia das súas medidas.



IDADE CONTEMPORÁNEA

Florence Nightingale:




- É considerada a primeira enfermeira en aplicar un coidado holístico á persoa.
- Nightingale regresou a Londres como unha heroína nacional. Aproveitou a súa fama para mellorar as condicións sanitarias dos hospitais e profesionalizar a enfermérica para partir do coñecemento.
- En 1860 reúne fondos para fundar a primeira escola de enfermérica laica do mundo no **Hospital S. Thomas de Londres**.
- Converteuse na persoa máis influente en materia de saúde a nivel mundial.
- Gran estatística: recollía datos para estatisticamente comprobar e demostrar a eficacia das súas medidas. Tamén representaba os datos mediante gráficos. Foi membro honorario da Asociación Americana Estatística.
- Deixou máis de 200 escritos entre artigos e libros.


IDADE CONTEMPORÁNEA

Inventora do Diagrama de Área Polar, que neste caso úsase para representar o número de mortes no exército británico durante a Guerra de Crimea por causa e mes, desde abril do 1854 a marzo de 1856. Nel figuran as mortes por causa representadas como áreas nun círculo, sendo o número de mortes proporcional á tamaño da área.

Como se pode ver o gráfico de área polar consiste nun círculo dividido en sectores do mesmo ángulo, e cada sector ten un radio distinto que vai en función do dato que se representa (*cando o dato sexa grande o radio será grande e viceversa*). Dentro dun mesmo sector pódense representar varios datos; como neste caso que se representan as defuncións por causa. As áreas azuis simbolizan as mortes por enfermidades infecciosas, as vermellas, mortes por feridas e finalmente as negras, mortes por outras causas.

Florence Nightingale:





No período 1854-1855 as mortes predominantes son por enfermidades infecciosas. No período 1855-1856 a tendencia mantense, pero hai menos baixas entre os soldados. Esta redución da mortalidade puido ter moitas causas, pero merece a pena destacar que á súa chegada Nightingale decatouse de que as condicións hixiénicas do hospital eran moi deficientes e tomou unha serie de medidas para melloralas.

ISABEL ZENDAL

Isabel Zendal Gómez (A Coruña) foi unha enfermeira española, reitora do Orfanato da Caridade da Coruña. Participou na **Real Expedición Filantrópica da Vacina de Francisco Javier Balmis**, coidando dos vinte e dous nenos da Casa de Expósitos da Coruña que viaxaron a América, con idades de entre tres e nove anos, e dos vinte e seis que foron a Filipinas, durante os dez anos que durou a expedición para levar a vacina das variola aos territorios españois de ultramar. É considerada pola Organización Mundial da Saúde (OMS) como a **primeira enfermeira da historia en misión internacional**.

